

**BANDO**

**RECORDATORIO DAS OBRIGAS DOS RESPONSABLES DE TERREOS FORESTAIS  
CONTEMPLADOS NA LEI 3/2007 DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS DE  
GALICIA MODIFICADA POLA LEY 7/2012 DE MONTES DE GALICIA**

**José Miñones Conde, alcalde-presidente do Concello de Ames (A Coruña),**

**Informa:**

A todos os veciños e veciñas de Ames, que a Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia publicou no DOG do martes 17 de abril de 2007, a Lei 3/2007 de "Prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia", modificada pola Ley 7/2012 de "Montes de Galicia" (DOGA do luns do 23 de xullo de 2012) e pola "Lei 9/2017 do 26 de decembro de medidas fiscais" (DOGA 28 decembro)

A dita lei establece nos seu artigos 21 e 22 que as persoas físicas ou xurídicas titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos forestais e terreos situados nas zonas de influencia forestal, terán a obriga de **xestionar o combustible vexetal (tala e roza), antes de que finalice o mes de maio de cada ano**, nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, así como ao redor das edificacións, vivendas illadas, e urbanizacións, depósitos de lixo, campings, gasolineras e parques e instalacións industriais, ubicadas a menos de 400 metros do monte e tamén ao redor de edificacións illadas en solo rústico situadas a mais de 400 metros do monte. Nesa franxa de 50 metros mencionada non poderá haber especies sinaladas na disposición adicional segunda (pino, eucalipto, acacia..)

**No caso de incumprimento** das obrigas sinaladas anteriormente, segundo o artigo 22 da Lei 3/2007, de procedemento para a xestión da biomasa no ámbito das redes secundarias, **o Concello de Ames poderá proceder á notificación ás persoas responsables da súa obriga, advertíndolle da posibilidade de execución subsidiaria con repercusión dos custes en caso de incumprimento e sen prexuízo da instrución do procedemento sancionador que correspondese.**

Ames, 24 de abril de 2018

O Alcalde,



Pz. do Concello, nº 2. Bertamiráns  
15220 Ames (A Coruña)  
Telf. 981 893 002 Fax 981 883 925

Asdo.: José Miñones Conde.